

O QUE IMOS VIVIR

Durante algo menos de dúas horas a luz da tarde cambiará lentamente mentres a Lúa vai ocultando progresivamente o Sol.

No momento de máxima ocultación descubriremos que un 99,94 % non é o mesmo ca unha eclipse total.

Será unha ocasión única para compartir un dos fenómenos astronómicos máis espectaculares que se poden observar desde Galicia.

OBSERVA CON SEGURIDADE



Utiliza unicamente as lentes homologadas facilitadas pola organización.



Non uses lentes de sol convencionais.



Non mires o Sol a través de prismáticos, cámaras ou telescopios sen filtros solares específicos.



En Teo non hai ningún momento de totalidade.

EN TEO A ECLIPSE SERÁ SEMPRE PARCIAL
NON RETIRES AS LENTES EN NINGÚN
MOMENTO DA OBSERVACIÓN.

O 12 de agosto compartiremos un deses momentos nos que ciencia, natureza e emoción se atopan baixo o mesmo ceo.

Grazas por acompañarnos nesta experiencia!

O SOL DESAPARECERÁ... ...PERO NON DE TODO



Observación pública da eclipse solar parcial



12 AGOSTO 2026



ALTO DE MONTOUTO



17.30 H

ORGANIZA



CONCELLO DE TEO

COLABORA



TOTAL E PARCIAL EN QUE SE DIFERENCIAN?

PARCIAL EN TEO

- O Sol nunca desaparecerá por completo.
- Poderemos seguir a evolución da eclipse paso a paso.
- A observación prolongarase durante case dúas horas.
- Será necesario utilizar lentes homologadas durante toda a observación.

TOTAL (fóra da nosa franxa)

Nunha eclipse total, a Lúa oculta completamente o Sol. A totalidade dura máis tempo canto máis nos adentramos na franxa da totalidade.



Chega unha oscuridade repentina.



Pode verse a coroa solar.



Poden aparecer algunhas estrelas no ceo.



Só ocorre dentro da estreita franxa da totalidade.

En Teo viviremos unha das eclipses parciais máis profundas visibles desde Galicia.

POR QUE O 99,94 % NON É TOTAL

99,94 % $\neq$ 100 %

O **99,94%** indica a superficie do disco solar que estará cuberta pola Lúa. Mentres permaneza visible unha pequena parte da superficie brillante do Sol, seguirá chegando **unha enorme cantidade de luz**.

Na totalidade, en cambio, esa fonte de luz desaparece por completo. É entón cando chega a escuridade repentina e pode verse a coroa solar.



99,94 %

Queda sol visible,
hai luz de día

$\neq$



100 %

Non queda sol
visible,
faise de noite



**NON É UNHA DIFERENZA DE GRAO.
É UN FENÓMENO DIFERENTE.**

O QUE VEREMOS NO CEO

O 12 de agosto, a Lúa ocultará progresivamente o Sol. Dende o Alto de Montouto podremos seguir, paso a paso, a evolución dunha eclipse solar parcial extraordinariamente profunda.



19:31:48 h

COMEZO



20:29:08 h

MÁXIMO

99,94 %
do disco solar oculto



21:22:46 h

FIN



DURACIÓN TOTAL:

1 h 50 min 58 s

COMEZO



MÁXIMO



FIN

A ocultación comeza pola dereita do Sol e remata pola esquerda. A Lúa mantén sempre a súa forma circular perfecta durante toda a eclipse.